

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2007.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugar dos, sendo as dezanove horas do día vinte e oito de setembro do ano dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa accidental, Dna. Carolina Cruz Fernández, en función da delegación efectuada mediante a Resolución da Alcaldía núm. 579/2007, de 20.09.07, con asistencia dos/as concelleiros/as D. José Antonio Bouza Rey, D. Moisés Rivadulla Fernández, Dna. M^a. Anxos Díaz Prados, D. Juan Antonio Fernández Ameneiro, D. Ignacio Fernández Fernández, Dna. María África Pérez Filgueiras, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña María Gómez Díaz, Dna. María del Pilar Díaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Asiste tamén a Interventora accidental, D^a. Mercedes Ocampo Santiago.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

DECLARACIÓNS DE URXENCIA:

Ao amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, propónse a inclusión, por razón da urxencia, dos seguintes asuntos:

-A proposta da alcaldesa acctal:

A) MODIFICACIÓN DA DATA E HORA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO.

Pola Sr. Alcaldesa accidental propónse a inclusión deste punto, por razón da urxencia, en base á solicitude da concelleira de Benestar, con motivo da celebración das Xornadas de Igualdade, que propón cambiar a data para o xoves 25, ás sete e media da tarde.

Tras a exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, por unanimidade e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto, incluído na orde do día e tratalo antes de rogos e preguntas como punto núm. 7.

- A proposta do voceiro do grupo municipal popular:

B) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. SOBRE EQUIPAMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES.

C) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. RELATIVA Á REHABILITACIÓN E EQUIPAMENTO DO LOCAL DA CÁMARA AGRARIA DE FRANZA E XESTIÓNS PARA DOTAR DE BEIRARRÚAS Á PARROQUIA DE FRANZA.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós tiñamos metido dúas mocións por rexistro, en tempo e forma, como marca o regulamento orgánico, e ao non meterse na orde do día como era procedente, por algún erro, entendemos, pois as tramitamos pola vía de urxencia, sen outro motivo que ese.

Unha moción vai destinada ao tema do local de maiores, o centro social municipal, en canto a súa posta en coñecemento para elaborar unha partida para a súa financiación e, por outro lado, a segunda moción é en canto ao local da Cámara Agraria de Franza para que se rehabilite e se faga un local social veciñal. Nada máis.

Tras a exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, por unanimidade e, polo tanto, co quórum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Legislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia os asuntos, incluílos na orde do día e tratalos antes de rogos e preguntas como punto núm. 8 e 9.

1.- CRITERIO INTERPRETATIVO SOBRE ALTURA MÁXIMA PECHES, CERCAS E VALADOS.

Sra. Alcaldesa: Ven ditaminado a comisión de urbanismo por catro votos a favor (2 BNG, 1 PSOE, 1 EU-IU), un voto en contra de Independentes por Mugardos, e dúas abstencións do P.P.

Sr. Bouza Rey: Boas tardes, como ben dixo a alcaldesa é un punto que traemos debatido da comisión de urbanismo, que é tratar de fixar unha interpretación do que penso que está clarísimo no propio plan, que é con motivo dos peches e das licenzas que se estaban dando ata agora. Hai interpretacións anteriores que parece ser, sobre todo, que os peches laterais eran consentidos ata o momento de 2 metros de altura, opacos, e o que queremos é cambiar a lectura que lle estamos dando a maioría dos que compoñemos a comisión de urbanismo. Entón, é un metro opaco en todos os peches, tanto os que dan a camiños públicos como os que dan con colindantes e con respecto aos peches vexetais que sexan como máximo 1,50 de altura.

Isto, como ben dixo a alcaldesa, ven aprobado con dúas abstencións do partido popular e un en contra de Independentes e o traemos ao Pleno para, dunha vez por todas, aplicar o que penso que está claro no propio plan xeral de urbanismo do Concello de Mugardos.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Boas tardes, o meu voto en contra susténtase nos agravios comparativos que os peches que o compañeiro Bouza acaba de dicir poden suscitar nas persoas que ata agora os estiveron facendo; é dicir, é un cambio bastante importante, refírome aos peches entre propiedades, como se acaba de dicir agora mesmo, é que pasan de dous metros opaco a un metro soamente opaco. É certo que puidera ser un erro interpretativo anterior pero que ven facéndose dende o ano 99, e por aquí pasaron, polo concello de Mugardos, multitude de técnicos que non repararon o tema.

Se é interpretativo, entendo eu que podería perfectamente, ao menos neste apartado, seguir coa mesma altura que viña dándose e non crearíamos eses posibles agravios interpretativos, agravios que pode haber coa xente que ata este momento está facendo ese tipo de peches. É por elo polo que eu voto en contra.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Imos ver..., nós en principio nos tiñamos abstdido na comisión informativa de urbanismo, pero temos as nosas dúbidas por unha serie de cuestións; certamente felicitamos ao concelleiro de urbanismo por tomar esa serie de medidas, porque creo que igual se puidera entender, tal e como está redactado o plan de urbanismo, se puidera entender que esa redacción daba lugar a dúbidas e, polo tanto, nun momento dado había que coller o toro polos cornos e tomar unha decisión, unha determinación en canto a que o criterio fora claro por parte do Concello.

Indubidablemente non imos valorar se é moito mellor ou peor a interpretación, creemos que a interpretación os técnicos a interpretan cada vez dunha maneira diferente, o que si nos chama a atención e o ten que recoñecer o grupo de goberno é que non pode ser que nun tema como este, pendente, como este e como moitos outros, pendente sempre do criterio dos técnicos, indubidablemente, leva á consecuencia de que cantos máis técnicos hai máis interpretacións hai co cal a solución non está en ter catro técnicos cada catro anos senón en ter un, ou ter un arquitecto interino que poda determinar con certa folgura unha serie de medidas que non cambien no tempo; por iso nós invitamos aquí a que se abra o debate sobre a necesidade dunha praza interina de arquitecto ou, en todo caso, que se delimite, ata certo punto, o criterio e as xestións que se fagan en urbanismo porque, como iamos dicindo, os cambios no tempo se suceden, e teñen pinta de seguir sucedéndose, co cal isto é un parche e, probablemente, vaian xurdindo máis e nós non estamos pola labor de parchear senón de dar solucións concretas e duradeiras e, polo tanto, invitamos dende aquí a abrir o debate, non estamos dicindo nada máis, sobre a necesidade de modernizar o sistema de urbanismo, porque tal e como está hoxe en día non se corresponde co urbanismo que estamos vendo en Mugarbos, licenzas..., casas que se fan sen licenza, que se intentan legalizar, cantidade de ilegalidades urbanísticas, etc., etc..., eu creo que non podemos ir sempre por detrás, nalgún momento o concello terá que ir tomando as medidas por diante, e eu sei que vostede, como concelleiro de urbanismo, está aterrizando, pero creo que é unha medida que debía vir con anterioridade, e como vostedes tamén estaban gobernando antes, tamén se fan copartícipes, en todo caso. Eu lle invito, en todo caso, ao que o traía a debate e nós, en todo caso, apoiaremos esta modificación, esta interpretación, porque entendemos que hai que mirar cara adiante e, polo menos, establecer un criterio claro. Nada máis.

Rematado o debate, sométese a votación o asunto e o Concello Pleno, tendo en conta o informe emitido polo secretario da corporación, obrante no expediente, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por once votos a favor (4 BNG, 3 PSOE, 3 PP, 1 EU-IU) e un voto en contra (1 IPMU), acorda prestar aprobación ao devandito ditame, que deseguido se transcribe:

“Altura máxima de peches, cercas e valados:

MOTIVACIÓN:

Diante do distinto criterio que veñen tendo sobre o asunto as/os distintas/os técnicas/os municipais e co fin de acadar un criterio unívoco e evitar así as distintas interpretacións que lle están dando á normativa podería establecerse o seguinte criterio interpretativo:

PROPOSTA:

- a) *Con fronte a camiño público: 1,50 metros, e non serán opacos en máis de 1 metro de altura.*
- b) *Entre colindantes: 2 metros, e non serán opacos en máis de 1 metro de altura.*
- c) *Peches vexetais: altura máxima 1,50 metros.”*

2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL EU-IU SOBRE NECESIDADE DE CONSTRUCCION DUNHA NAVE-ALMACÉN-GARAXE MUNICIPAL.

Sra. Alcaldesa: Ten a palabra a sra. Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Boas tardes a todos e a todas. Nós presentamos esta moción co obxectivo de que se debata con carácter prioritario na seguinte comisión de obras, servizos e persoal, que creemos que é á que lle corresponde, a necesidade de construción da nave-almacén-garaxe, unha necesidade da que se leva falando neste concello dende hai máis de dez anos, coa compra, incluída, de terreos, durante o goberno do partido socialista e o partido popular, para localizar esa nave almacén; en segundo lugar, porque entendemos que lle podería corresponder á comisión de urbanismo e industria cales son os terreos públicos que poderían ser aptos para a construción da nave-almacén, en caso de que tivera algún o Concello de Mugardos, dado que estamos abertos á súa localización, non estamos pechados e por iso non propoñemos ningún lugar concreto e, en terceiro lugar, que se estude na comisión de facenda e patrimonio, dado que, ademais, os presupostos non están feitos, os deste ano, que se está cunha prórroga, a fórmula de obtención do financiamento necesaria para poder acometer a obra, e se fora necesario, dado que os terreos dispoñibles polo Concello de Mugardos non foran os que se consideran adecuados polo conxunto do Concello, a posibilidade de mercar uns terreos para a construción a nave-almacén coas condicións que poñemos na memoria que, dende logo, terán que ser condicións ratificadas pero que, en todo caso, conte con vestiarios, capacidade para albergar todos os vehículos, con espazo para almacén e todas as condicións que se crean necesarias para ter unha nave-almacén-garaxe á altura das necesidades e de dotación viaria que ten xa o concello de Mugardos.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Eu simplemente reiterar que entendemos a preocupación de Esquerda Unida polo feito de que se ben se están mercando certo mobiliario, certos automóviles, etc., etc..., vaise creando unha necesidade maior de ter un mantemento e aparte ter un sito onde facer este tipo de cuestións. Se ben, como xa dixo Esquerda Unida, xa no ano... aproximadamente no ano 94, o partido popular, gobernando por aquel entón, xa viu a necesidade de facer un garaxe deste tipo, o que pasa é que por cuestións que agora non veñen a conto se deixou o tema no tapete e, loxicamente, co paso do tempo, isto é unha necesidade cada vez máis acuciante, pero a min me chama a atención que dende o ano 94 non se teña máis que sopesado a necesidade sen que se teña tomado realmente o tema, eu recordo a Esquerda Unida que tamén gobernaba despois disto, e estas necesidades tamén, nós a imos apoiar de feito, pero lémbrolle que vostede tamén estaba gobernando fai uns anos e estas medidas non se levaron a cabo. Aínda así, tamén miramos ao futuro e entendemos que a proposta tamén é moi razoable.

Sr. Rivadulla Fernández: Se a proposta consiste unicamente en que se debata nas comisións por suposto a aprobaremos xa; entre as nosas prioridades tamén está a construción dun edificio destas características porque agora o Concello está facendo uso dunha parcela dun edificio alugado e a próxima incorporación de varios vehículos ao parque móbil municipal fai que xa sexa unha necesidade.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): A ver..., eu non vou entrar na polémica, nós gobernamos durante varias lexislaturas, eu creo que todo o mundo é coñecedor, ademais, pola reiteración que se fai aquí todo o mundo é coñecedor, dende que o PCdeG tivo a maioría absoluta na primeira que gobernou, durante varios procesos gobernou, en diferentes coalicións, co BNG, co PSOE, en minoría, gobernou o PP neste Concello, gobernou o BNG en minoría, en fin..., eu creo que xa todos os partidos que estamos aquí temos gobernado, incluído o de recente

creación, Independentes por Mugar dos, que tamén gobernou no ano 99 a 2003, que é a franxa que a min me corresponde, se persoalmente se dirixe a min.

En todo caso, nós lembrar que non só se mercaron os terreos, senón que o 30 de decembro do ano 94 incluso se aprobou a memoria para edificio de servizos múltiples, nun acordo plenario do 30 de decembro do 94. A miña intención non era debater o que pasou no ano 94, nós facíamos unha reflexión, que xa no ano 94 tiña detectado o pleno da corporación esa necesidade, que, polo tanto, era unha demanda que estaba aí, que non só se tiñan mercado os terreos senón que ademais se tiña redactado unha memoria, se tiña aprobado en pleno e que, polo tanto, a día de hoxe nos parece oportuno, dado que nos últimos anos certo é recoñecer que o parque de vehículos do Concello creceu dunha maneira importante, que os gastos do concello, na nave que naquel momento non existía, agora, como acaba de dicir o presidente da comisión de obras hai que pagar un aluguer todos os meses de catrocentos e algo de euros e que, ademais, se está pagando bastante en reparacións por ter os vehículos na rúa boa parte deles, incluso o camión de recollida do lixo que eu creo que ten que limparse nun sitio que non é o adecuado. Creemos que chegou o momento, que pode haber terreos do concello que poidan servir, se non serven que o decida o conxunto da corporación e que, polo tanto, se estude por parte do concello se hai a viabilidade para compra duns terreos novos onde se poda facer a nave-almacén con características diferentes a esas.

Rematada a quenda de intervencións, sométese a votación o asunto, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, segundo texto obrante no expediente, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

1.- Que se estude con carácter prioritario, na seguinte comisión de obras, servizos, persoal, medio ambiente e parques, a necesidade de construción da nave-almacén-garaxe, que conte con vestiarios, capacidade para albergar todos os vehículos, con espazo para almacén de material e con capacidade para realizar pequenos traballos de mantemento, etc... En definitiva, unha nave que cubra todas as necesidades actuais que o Concello ten.

2.- Que se estude na comisión de urbanismo e industria os terreos públicos que poderían ser aptos para a construción da nave-almacén-garaxe.

3.- Que se estude na comisión de facenda e patrimonio a fórmula para a obtención do financiamento necesaria para poder acometer a obra e a merca de terreos se fose necesaria.

3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL EU-IU SOBRE ANTENAS DE TELEFONIA MÓBIL INSTALADAS NO TERMO MUNICIPAL.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Antes de empezar dicir que Pilar Díaz estivo gobernando neste Concello dende o ano 99 ao 2003, que ostentou a presidencia da comisión de asuntos sociais, sanidade, medio ambiente e igualdade; entón, para que quede xa constancia, e que foi a única vez que persoalmente gobernou neste concello nalgunha área.

En todo caso este é un debate que si ven precedido desa corporación, e incluso houbo un modelo para ordenar a regulación de antenas de telefonía móbil, posteriormente houbo alegacións, houbo outro debate, foi un tema que quedou enriba da mesa, que a nós nos parece interesante que se retome, porque non porque os temas se deixen enriba da mesa non hai que retomalos en ningún momento, nos parece interesante que se retome, e, polo tanto, que se aborde un problema moi importante para nós en Mugar dos que é a instalación de antenas de telefonía móbil e, dende logo, o crecemento que teñen como setas no termo municipal de Mugar dos.

Para iso propoñemos, en primeiro lugar, que se realice un censo de antenas de telefonía móbil, instaladas e funcionando no termo municipal. En segundo lugar que se indique cuántas teñen licenza de instalación e funcionamento e cuántas non. En terceiro lugar, a inmediata retirada das instalacións que non teñen licenza municipal de instalación e funcionamento e, en cuarto lugar, que se elabore unha ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móbil.

Sra. Cruz Fernández: Entendo que o debate sobre isto deberá darse previo na comisión de urbanismo. Abrimos o turno de intervencións.

Sr. Fernández Ameneiro: Boas tardes, o grupo municipal socialista comparte a moción de Esquerda Unida; simplemente propoñeríamos unha modificación do punto 3, onde di “a inmediata retirada das instalacións que non teñan licenza municipal”, nós propoñeríamos que puxera “regularizar as instalacións que non teñan licenza municipal”, coa intención única e exclusiva de non prexudicar ás persoas que utilizan estas instalacións para telefonía móbil.

Sr. Rivadulla Fernández: O BNG subscribe a emenda que acaba de facer o portavoz do PSOE, non obstante, se a poñente quere votar a moción nós, con esa emenda, votaremos favorablemente, pero lle pedimos que pase antes á comisión de urbanismo, sobre todo porque se ven dicindo ultimamente que hai cousas que veñen a pleno que non pasaron antes por comisión, e creemos que isto tamén poderíase debater antes na comisión.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós apoiamos a emenda que fai o partido socialista por un motivo esencial e non é máis que nós consideramos que o Concello non ten potestade para retirar esas antenas, por un motivo bastante claro: di a prensa do 27 de agosto deste ano 2007, por exemplo, é un exemplo breve, en Santiago de Compostela en marzo do 2006, o concello aprobou unha ordenanza que vetaba a instalación de estacións base en zonas sensibles como centros educativos e de saúde; a principios deste ano o Tribunal Superior de Xustiza suspendeu a prohibición desas instalacións e deu pé a unha legalización masiva de moitos emisores de regulación municipal; quere dicir isto que as competencias municipais, en canto á ubicación ou non ubicación de antenas de telefonía non está moi clara, e como non está moi clara nós non imos prohibir o que non está claro na nosa competencia. Nós quereríamos, en todo caso, que igual que o partido socialista solicita que se leve a comisión, nós pediríamos un informe xurídico ao respecto en canto a qué competencias ten o Concello sobre a instalación e licenzas de telefonía móbil e, en todo caso, cómo regula a lei actualmente ese tipo de cuestións, máis que nada porque sabemos que hai sentenzas desfavorables para os Concellos que puideran vir motivadas por denuncias de veciños, etc., etc...

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Imos ver..., nós en aras de que a moción poda ser votada, dado que a súa resolución non leva ningún gasto económico para o Concello, polo tanto pode ser votada, dado que é indicativo e dado que ademais o debate para o seu desenrolo ten que ser na comisión de urbanismo e na comisión de medio ambiente, nós imos suprimir o punto núm. 3, non a darlle unha nova redacción, e propoñemos que se vote o acordo do punto 1, 2 e 4; entón suprimiríamos o punto 3 en aras de que poda ser aprobado polo Concello Pleno.

Sra. alcaldesa accidental: Atendendo a esta modificación, supresión do núm. 3, procedemos á votación.

Rematado o turno de intervencións, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal de EU-IU, relativa á antenas de telefonía móbil instaladas no termo municipal, da que se ten retirado da parte resolutiva o punto 3, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á devandita moción como modificación antes descrita, e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Que se realice un censo de antenas de telefonía móbil instaladas e funcionando no termo municipal.
- 2.- Que se indique cuántas teñen licenza de instalación e funcionamento e cuántas non.
- 3.- Que se elabore unha ordenanza municipal para a instalación e funcionamento de instalacións de telefonía móbil.

4.- DAR CONTA DA DESIGNACIÓN DE SUPLENTES NO BNG NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

O Pleno da Corporación dáse por informado da designación de segundos suplentes do grupo municipais do BNG nas comisións informativas, que quedan integradas tal e como figuran no expediente, ao que se deu lectura pola sra. Alcaldesa.

5.- DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola sra. alcaldesa-presidenta, así como das solicitudes para que se faga chegar este pésame ás familias das vítimas, e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

6.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 526/2007 a 575/2007.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da alcaldía núm. 526/2007 á 575/2007, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

7.- MODIFICACIÓN DA DATA E HORA DE CELEBRACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE OUTUBRO.

O Concello Pleno, por unanimidade, acorda modificar a data e hora de celebración do vindeiro pleno ordinario, que terá lugar o xoves, 25 de outubro, ás 19.30 h.

8.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP RELATIVA Á REHABILITACIÓN E EQUIPAMENTO DO LOCAL DA CÁMARA AGRARIA DE FRANZA E XESTIÓNS PARA DOTAR DE BEIRARRÚAS Á PARROQUIA DE FRANZA.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): A exposición de motivos é bastante pequena e simplemente..., non a imos ler, pero entendemos que a coñecida casa agraria de Franza leva tempo, numerosos anos xa, dicíndose que se lle ía dar un uso que hoxe en día non ten e dado que os gobernos municipais que van ao longo do tempo..., cada un dixo unha cousa distinta, pero non se concretou nunca de forma inmediata cales ían ser os usos destinados a tal fin, nós propoñemos

que dunha vez por todas sirva para algo e empezaremos, loxicamente, a apoiar todas as iniciativas que vaian en función de que todo o movemento veciñal teña un sitio onde reunirse e un sitio onde recuperar as charlas e os veciños se poidan reunir para facer as súas actividades alí. Por todo elo propoñemos ao Pleno uns acordos que eu creo que poden ser subscritos por todos os grupos políticos.

1- Que se estude de forma inmediata na comisión de Facenda un estudio económico sobre custes de rehabilitación e equipamento do local da Casa Agraria de Franza como local social veciñal.

2.- Se realicen as xestións oportunas coa Xunta de Galicia para cofinanciar dito proxecto e se contemple unha partida orzamentaria para dito fin nos próximos presupostos municipais.

3.- Se consensúe o proxecto con todos os grupos municipais antes da elaboración do mesmo, así como coa AAVV de Franza.

4.- Se retomen as xestións para a dotación dos tramos de beirarrúas pendentes na parroquia de Franza.

Traemos esta iniciativa porque consideramos que as obras poden prexudicar, en todo caso, a todas estas cuestións. E, sen máis, estamos abertos a calquera debate que se poida suscitar.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): Eu simplemente, e dado o razoamento en canto aos acordos, dicir o por qué vou votar que non. Vou votar que non primeiro porque a propia moción, eu creo que é unha moción moi ben establecida para debater sen condicionantes nas comisións que lle correspondan. Primeira razón. Segundo, porque determina o por qué e o para qué, e terceiro, porque creo que se mesturan cousas, eu non entendo moi, moito, qué ten que ver, salvo a afinidade territorial, qué ten que ver a Cámara Agraria coas beirarrúas, non acabo de entendelo. Por iso creo que está un pouco verde o tema, e o bo, que é o que eu destacaría desta moción, é que pase para a comisión e se debata na comisión dunha vez por todas. Nada máis.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós, como non temos definido o sentido do voto aínda, compartimos a última parte do que acaba de dicir Fariña, nós pediríamos que o punto núm. 4, que é que se retomen as xestións para a dotación dos tramos pendentes de beirarrúas na parroquia de Franza, se o obxectivo é a Cámara Agraria de Franza, sexa suprimido desta moción e que, ademais, o tema das beirarrúas sexa visto dende a perspectiva da corporación anterior, onde xa había acordos plenarios, incluso a constitución dunha comisión especial para o tema das beirarrúas que é, en todo caso, o que nós defenderíamos, que é darlle continuidade ao acordo plenario que houbo na corporación anterior, onde participaban os grupos municipais, e as diferentes asociacións e entidades. Pero, en todo caso, porque non lle vemos relación cos puntos anteriores.

En canto ao tema da Cámara Agraria, eu creo que falta un acordo previo, e é que se negocie coa Consellería de Economía da Xunta de Galicia que á Cámara Agraria se lle poda dar unha utilización diferente á que marca no acordo de cesión, que é do Diario Oficial de Galicia do mércores, 12 de abril do ano 2000, que di textualmente: “As cesións de uso relacionadas no artigo anterior quedan sometidas ás seguintes cláusulas: a) o fin da cesión será a dedicación do inmovible a fins e servizos de interese xeral agrario.”

Durante a corporación anterior o certo é que nós o plantexamos un par de veces, se nos dixo que era unha cuestión electoralista que non tiña nada que ver, cando o goberno anterior municipal sacou, polo menos na prensa, aínda que nós o descoñecemos, e dende aquí pregamos

que se nos facilite, un proxecto para que a Cámara Agraria fora convertida en local para a asociación de veciños, iso xa saíu publicamente na prensa. Nós creemos que previamente a iso se lle ten que poder dar un uso diferente ao uso agrario, dado que o uso que lle daría a asociación de veciños non sería un uso agrario e, polo tanto, se lemos o condicionante b) poderíamos perder a cesión do edificio que foi durante dez anos e que acaba no ano 2010; polo menos polos datos que nós barallamos.

En todo caso, nós, para votala, diríamos que se incorpore o punto de solicitar un cambio de usos diferente dado que senón sería inviable, con esa incorporación, e sacando o punto 4, ou deixándoo para unha reunión da xunta de voceiros, ou unha xuntanza de grupos municipais, para que poda vir unha iniciativa consensuada en torno ao tema das beirarrúas, nós votaríamos a favor.

Sr. Rivadulla Fernández: Nós tiñamos pensado votar a favor da moción, aínda que xurdiron algunhas cousas, a exposición que fixo o portavoz do partido popular respecto ao local social entendemos que xa engloba que pode ser un local de uso municipal que tamén poderán utilizar asociacións, non o viamos doutra maneira e, de feito, o concello, xa na lexislatura anterior, empezou a xestionar coa Consellería do Medio Rural a rehabilitación deste edificio e temos moi boas perspectivas de que pronto poida asumir a Xunta a súa rehabilitación., ben a través dun convenio, ben a través dun plan que vai aparecer proximamente e no que tería cabida.

No que respecta ao tema das beirarrúas é algo que, de feito, xa se empezou un tramo e dentro de pouco, como nos comunica a Xunta, empezarán os outros, pero non sei se o portavoz do P.P. o quere debater na comisión, nós non o viamos, digamos, unha redacción tan ríxida como creo que entenderon outros grupos.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Nós non pretendemos con isto meter con cuña ningún proxecto en Mugardos, entón nós estamos dispostos a levalo a comisión, pero non me parecen xustas certas acusacións que se están facendo e me refiro a que non parece xusto que o tema estea verde, porque verde leva catrocentos mil anos verde, a casa agraria leva verde moitas lexislaturas, por iso, se o tema está verde, nós non queremos contribuír a que siga verde moitos anos máis. Entón por iso non se preocupen, que o levaremos á comisión pertinente para que madure e non sexa tan verde.

Por outro lado, cando falamos de xestións oportunas nos estamos referindo precisamente a que se fagan as xestións para todo iso que acaba de dicir Esquerda Unida, pois para que se faga o cambio de uso, polo tanto incorporamos todo o que vostede queira na moción, etc., etc...

O tema das beirarrúas non está aí porque non teña que cadrar, o tema das beirarrúas é por lóxica, indubidablemente, eu creo que bastante aplastante. O que non se pode facer é pretender darlle un uso público a un local que ten unha vía como a vía de Franza, onde os vehículos non respectan as condicións de seguridade viaria e, polo tanto, o que non imos facer é converter un local veciñal nunha caixa e punto negro de siniestralidade no concello. Polo tanto, é evidente que o que queremos facer é incorporar e potenciar de novo o tema das beirarrúas, que non é nada novo, porque non estamos facendo nada novo, simplemente darlle un impulso máis a que Franza teña beirarrúas e, polo tanto, protexer aos potenciais usuarios dese ben público para que non sexan atropelados polos vehículos que pasen por alí. Ese é o único casamento que se lle pode facer a esta moción que non ven máis que..., non a enredar nada, senón a dar seguridade ao que xa queríamos dar seguridade, que eu creo que todos os grupos estamos de acordo. Que lle queiramos dar voltas ás cousas me parece moi ben, pero nós vimos mirar ao futuro, e poñer o

que estea verde maduro, e o maduro sacalo adiante. Nada máis. Se os grupos queren que pasen a comisión non temos maior problema.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Se a vas retirar non interveño.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Está retirada para que pase a comisión, claro, co compromiso de que vaia a comisión.

Rematado o turno de intervencións, o Concello Pleno por unanimidade acorda que a moción presentada polo grupo municipal popular relativa á rehabilitación e equipamento do local da Cámara Agraria de Franza e xestións para dotación de beirarrúas á parroquia de Franza pase a estudo da comisión informativa correspondente.

9.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE EQUIPAMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE MAIORES.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Na seguinte moción vou ler a exposición de motivos que é moi breve.

Polo concelleiro, sr. De Deus Fonticoba, dáse lectura á moción, que copiada e traducida di:

“A seguinte moción é polo tema de que o envellecemento da poboación é un tema que define aos países desenvolvidos pola súa calidade de vida, avances sanitarios, medidas sociais, etc. Este crecemento cuantitativo debe de ser correspondido dende os Concellos con políticas municipais decididas e comprometidas para un verdadeiro progreso social.

Por primeira vez, o Concello de Mugar dos conta cun local destinado a tal fin, que precisa do esforzo de toda a Corporación para poñerse en marcha e dotalo das reformas e equipamentos necesarios para poder ser utilizado.

Baixo esta consideración e tendo en conta que xa se ten realizado a compra do inmovible pero que aínda non reúne as condicións nin equipamentos de habilitabilidade necesarios para tal fin.

Por todo elo propoñemos ao Pleno os seguintes acordos:

1.- Que se realice un estudo detallado e un presuposto para equipamento de dito centro municipal de maiores de forma inmediata e, en todo caso, antes de fin de ano.

2.- Que se consensúe dito proxecto cos grupos municipais e a Asociación Piñabeta.

3.- Se realicen as xestións oportunas para o seu cofinanciamento con outras entidades.”

A moción, sen querer rebuscar ou non rebuscar o tema, nós, indubidablemente, apostamos, como supoño que todos os grupos, porque os maiores, en Mugar dos, teñan un local onde dedicar o seu tempo e non vimos facer ningún tema partidista senón todo o contrario, creemos que todos os grupos teñen o mesmo interese que nós e polo tanto entendemos que é un tema transcendental para que os Concellos que se caracterizan por ter unha calidade de vida, ou que se caractericen pola súa modernidade sexan punteiros en todos eses aspectos; Mugar dos non se pode quedar atrás, cada vez somos máis a xente, ía dicir somos máis a xente maior, eu afortunadamente aínda non o son, pero a este ritmo eu quixera ter un sitio para a xente maior deste Concello, e iso non quita que posteriormente se faga extensible a outras parroquias;

indubidablemente hai que empezar por algunha parte e nós simplemente queremos encauzar a moción para que os grupos sexan corresponsables con todo o que din os programas electorais e que, dito doutra maneira, se faga dunha forma inmediata e non se deixe no tempo perder isto que é tan importante. Nada máis, nós creemos que teremos o apoio de todos vostedes e nada máis. Grazas.

Sr. Fariña Doval (que traducido di): En base á coherencia que predetermina o portavoz do P.P. que teñamos os demais dicir que eu vou votar a favor da moción, pero de todas formas quero deixar dúas cousas claras. A primeira, que as competencias sobre isto non as ten o concello, as ten a Xunta que a quen debéramos estar reclamando todo o mundo e dedicar os diñeiros seguramente a outras cousas que si son competencia nosa, como pasou fai un momento co dichoso almacén e tamén quero deixar claro, para ser coherente coa miña forma de plantexar este tema, é que na miña opinión nin é o sito nin o lugar idóneo para facer o que se está facendo, ou que se pretende facer. A pesar de todo, como xa está aprobado, pois me sumo tamén a que, dunha vez por todas, se remate o que se ten iniciado.

Sra. Díaz Otero (que traducido di): Nós imos votar favorablemente, nós xa temos falado cando foi a compra do local social, polo tanto non imos reeditar o debate, pero lle proporíamos ao relator da moción a incorporación dun punto novo. Para nós é tan importante que se faga o estudo detallado e o presuposto para o equipamento como que de forma inmediata se empece a debater o modelo de xestión e o regulamento de funcionamento, para non ter o equipamento e despois estar esperando un ano a que se debate o modelo de xestión e o regulamento de funcionamento; entendemos que debería ser paralelo, polo tanto propoñemos que se incorpore á moción, se o cree conveniente, senón votaremos igual a favor, pero tamén nos gustaría saber, aínda que non llo podemos preguntar ao poñente porque non é do grupo de goberno cáles foron as xestións que durante o ano 2007 se fixeron para todo o que posiblemente vaiamos aprobar nesta moción, que é arranxalo e dotalo de equipamento, sobre todo as xestións que se fixeron con outras administracións, ou ben a través do plan concertado ou ben a través das vías de Deputación.

Sr. Fernández Ameneiro: O Concello dispón dun local que está destinado para a terceira idade, agora só falta acondicionalo e darlle o uso para o que se comprou; evidentemente, todas as iniciativas tendentes a axilizar os trámites para a súa posta en funcionamento contarán co apoio do grupo socialista, polo tanto, imos votar a favor.

Sra. Díaz Prados: Boas tardes a todos e a todas. Nós, en principio, estamos completamente de acordo coa moción que presenta Juan Domingo e, evidentemente, imos votar a favor. Respostar a Pilar que durante este ano se pediu unha subvención polo plan concertado por unha contía de 250.000 euros, da que aínda non temos resposta, aínda que adiantar que é moi probable que non nola dean; polo menos eu fixen unha chamada telefónica e foi o que me contestaron, en principio. Entón, evidentemente, en principio non podemos contar con ela; agora, as xestións se fixeron como había que facelas, non hai outra historia.

Evidentemente, é moi importante poñer en funcionamento ese local, neso estamos completamente de acordo; evidentemente, tamén é moi importante para nós a asociación Piñabeta porque é a única asociación, polo menos que eu coñeza, que está funcionando aquí en Mugarbos, no Concello, e eles terán algo que dicir sobre o tema, lles daremos a importancia e a

relevancia que teñen, como xa se está facendo ata agora, polo tanto nós imos votar a favor da moción que propón o sr. Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Eu para finalizar, simplemente, loxicamente, asumimos plenamente o punto que engade Esquerda Unida porque o consideramos necesario tamén, e agradecemos, en todo caso, que se faga tamén ese punto porque é importante tamén completalo e que a moción sexa o máis extensiva posible. Non só o requirimos e o aceptamos senón que, ademais, o vemos adecuado, e, por outra parte, eu agradezo as xestións do BNG, non sei as xestións que se fixeron ao respecto, pediría que as aclararan tamén na comisión que sexa pertinente, pero me queda un sabor de boca un pouco especial; o feito de que nos digan que nos aproban a moción e non nos dan nin un duro para o local.

Certamente eu non quixera que os grupos que estamos aquí aprobáramos algo que non sirve para nada; en todo caso, que a Xunta non de diñeiro non significa que non se poda sacar diñeiro doutro sitio. Entendemos que iso é o que quixo dicir a concelleira de asuntos sociais, non fai falla que o aclare, creo que quedou bastante claro. En todo caso, eu creo que o que todos queremos é que o diñeiro saia de onde teña que saír, indubidablemente, aínda que non sexa directamente da Xunta de Galicia, hai outras administracións; entón nós non dubidamos de que van iniciar as xestións oportunos e, en todo caso, pediríamos que as xestións que se fagan se leven por comisión tamén. Nada máis que iso.

Sra. Díaz Prados: Simplemente contestei as xestións que se fixeron ata agora, estou dicindo simplemente que a día de hoxe non temos todas as subvencións polo plan concertado, nos deron algunhas, pero hai unha partida nova, dun remanente que quedou aí, e que poden vir, evidentemente, de aquí a fin de ano. Simplemente contestei as xestións que se fixeron ata agora non as que se poden facer a partir de agora.

Rematado o debate, sométese a votación a moción presentada polo grupo municipal popular relativa ao equipamento do centro municipal de maiores, á que se engade a achega efectuada polo grupo municipal de Esquerda Unida, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar á súa aprobación á devandita moción coa emenda xa citada e, en consecuencia, adoptar o seguinte acordo:

- 1.- Que se realice un estudo detallado e un presuposto para equipamento de dito centro municipal de maiores de forma inmediata e, en todo caso, antes de fin de ano.
- 2.- Que se consensúe dito proxecto cos grupos municipais e a Asociación Piñabeta.
- 3.- Se realicen as xestións oportunas para o seu cofinanciamento con outras entidades.
- 4.- Que de forma inmediata se empece a debater o modelo de xestión e o regulamento de funcionamento. ”

10- ROGOS E PREGUNTAS.

En primeiro lugar, transcríbense as respostas da Alcaldía, de data 23.08.07, obrantes no expediente, ás preguntas formuladas pola concelleira de E.U., sra. Díaz Otero, na sesión plenaria do día 27 de xullo de 2007:

- 1.- No seu día pasará por Comisión para dar conta do mesmo.
- 2.- Entendo que calquera Policía Local o podería facer, do mesmo xeito que o facían cando vostede estaba gobernando (por exemplo: Festas dos anos 1999-2003, Mercadillos, etc., etc...) Coa súa pregunta capciosa da a entender (porque non quero entender outra cousa) que cando

governa vostede é correcto que a Policía Local faga a ordenación e colabore coa comisión de festas na recadación das barracas. Pola contra, cando vostede non forma parte do Goberno Municipal, non lle parece correcto que a Policía Local faga ese traballo de colaboración coa Comisión de Festas. ¡Incoherencia total sra. Díaz! A árbore non lle deixa ver o bosque. Non acepta que non ten o apoio do pobo e que tivo un estrepitoso fracaso electoral. Sinceramente, eu non son o responsable do seu fracaso electoral (posiblemente o fracaso electoral lle veña dado por encabezar vostede a candidatura de I.U. ou por unha mala práctica diaria da súa organización) pero sinceramente tamén lle digo que se eu acadase a mesma representación que vostede ostenta, non tardaría 24 horas en presentar a miña dimisión. Sra. Díaz, teña un mínimo de coherencia e de dignidade e presente a dimisión como Concelleira.

3.- Sra. Díaz, creo que os Policías Locais, como os membros de calquera outro Corpo Policial, Militar ou da Garda Civil son persoas como vostede e como eu, e, polo tanto, tamén teñen ou deberían ter os mesmos dereitos. Xa que logo, sorpréndeme que unha “militante de esquerdas incorrupta” intente limitarlle, polo mero feito de levar un uniforme, os seus dereitos de reunión e de asociación. Sen embargo, cando se xunta vostede con algúns que tamén teñen uniforme, resúltalle normal e incluso acepta fotografarse con eles. Pero claro, unha cousa é a teoría e outra moi distinta é a súa práctica, a cal semella máis a aquela que practicaba no século pasado un personaxe sinistro que creo que lle chamaban Gobels o cal afirmaba que repetindo unha mentira moitas veces, pode chegar a ser asumida como unha verdade. Ou sexa, o que vostede practica todos os días.

- Con respecto á pregunta sobre a procesión das Festas do Carme: por educación me vou reservar a contestación. Sen embargo, a nivel persoal, non tería ningún problema en contestarlle noutro lugar que non sexa este.

5.- Non me consta que a sra. Aparelladora veña a traballar estando de baixa.

6.- O Plan de Emerxencia Exterior (O.P.E.E.) de REGANOSA non se podía entregar a ninguén ata que se fixera público por parte da Xunta de Galicia. Por outra banda, sra. Díaz, nos moitos anos que vostede leva neste Concello non hai constancia escrita do seu interese para que se fixera o Plan de Emerxencia Exterior de Forestal del Atlántico, que para nada é menos importante que o de Reganosa. ¿Cantos anos leva funcionando Forestal? Moitos. ¿Cando se aprobou o P.E.E. de Forestal? No ano 2005 a iniciativa do BNG.

7.- En canto ao Policía Local, Ovidio Torrente, non me consta que estea dado de alta na Seguridade Social por outra actividade distinta da que habitualmente exerce como funcionario municipal.

Sra. Díaz Otero:

1º.- No día de onte tivemos acceso ó documento da Xunta de Galicia, que di textualmente:

1.- Requerir ao Concello de Mugar dos para que proceda á Revisión de Oficio, polo procedemento previsto no artigo 102 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, do acordo adoptado polo Pleno do Concello de Mugar dos en sesión celebrada o 1 de setembro de 2006, polo que se aproba o estudo de consolidación do núcleo rural de Franza, o acordo municipal de data 12 de setembro 2006, polo que se aprobou a parcelación da finca matriz en 19 parcelas, e o acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de setembro de 2006, polo que se outorgou licenza municipal co nº 88/2006 para construción de 6 vivendas unifamiliares, por ser nulos de pleno dereito.

2.- Requerir ao Concello de Mugar dos, para que suspenda os efectos do acordo da Xunta de Goberno Local de 29 de setembro de 2006, polo que se outorgou licenza municipal co nº

88/2006 para a construción de 6 vivendas unifamiliares, de conformidade co disposto no artigo 104 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

En función deste requirimento con rexistro de entrada de 7 de xuño do ano 2007, da Xunta de Galicia, preguntamos:

A maiores do acordo plenario sobre suspensión de licencias de parcelación ou segregación no solo de núcleo rural, qué medidas se adoptaron para a revisión de oficio do acordo de data 12 de setembro, polo que se aprobou a parcelación da finca matriz en 19 parcelas, e o acordo da Xunta de Goberno de 29 de novembro de 2006, polo que se outorgou licenza municipal para a construción de seis vivendas unifamiliares?

Está suspendida a licenza de construción de 6 vivendas unifamiliares promovidas por Desenvollos Inmobiliarios Grandallana, en Franza, tal e como require a Xunta de Galicia?

Teño outra que é para a alcaldía:

2ª.- O día 5 de setembro entrou por rexistro a versión pública do informe de seguridade do establecemento de Reganosa en Mugarodos, enviado pola Consellería de Innovación e Industria, qué medidas se habilitaron por parte do grupo de goberno para facilitar a consulta da cidadanía? E por qué non se facilitou ningunha documentación ós grupos municipais? Recordamos que a circular da Xunta de Galicia, di textualmente: “o Informe de seguridade debe estar a disposición de calquera interesado”.

A terceira é para o presidente da comisión de urbanismo:

3ª.- Podería indicarnos se o novo vial para o cal concederon licenza na Xunta de Goberno do día 25 de setembro do ano en que estamos vai anular a baixada á marea? Rogamos, dado os movementos de terra que se están a facer, o Concello vixie que o camiño que da acceso á marea non se vexa inutilizado. Estámonos a referir ao vial de Reganosa.

E as dúas últimas, que son para a alcaldía:

4ª.- Podería explicarnos qué traballadores do Concello utilizan o tractor-desbrozadora, para qué traballos foi utilizado e se tivo algún tipo de accidente na súa corta vida.

E última, un rogo: Que se habilite o mecanismo necesario, se non houbera cartos suficientes na partida presupostaria, para que os membros da Policía Local do concello de Mugarodos cobre as horas nocturnas que levan facendo dende o 23 de xullo. De igual maneira, que se nos conteste por escrito cál é o custo deste servizo.

Sr. Fernández Ameneiro: Teño un rogo e algunhas preguntas.

En relación coa explosión dun artefacto nun contedor na Pedreira, e máis concretamente no Novás, sinalar que o derradeiro martes, día 25, ás 13,30 horas, os portavoces dos partidos con representación municipal mantivemos unha xuntanza de urxencia e acordamos redactar unha nota de prensa que paso a ler: *“En relación ao acontecido esta noite en Mugarodos, coa destrución dun contedor de vidro polo estoupido dalgún tipo de artefacto no lugar do Novás (A Pedreira), os grupos políticos do Concello de Mugarodos queren transmitir cautela na valoración dos feitos, que están sendo investigados e deberán ser esclarecidos polos corpos de seguridade, e que, en calquera caso, rexeitamos rotundamente.*

O Concello solidarízase cos veciños e veciñas afectados (algunhas portas e fiestras sufriron pequenos danos) e presentará a oportuna denuncia perante a Garda Civil.

Por último, facemos un chamamento á serenidade da sociedade mugardesa, que sempre foi pacífica. Caso de que as autoridades nos transmitan datos sobre a investigación en marcha, informaremos oportunamente.”

Ata aquí todo normal e dentro da lóxica máis elemental; o que non acabamos de entender son as manifestacións aparecidas en prensa, e máis concretamente no Diario de Ferrol o derradeiro 26 de setembro feitas polo alcalde, Xosé Barcia dende as súas vacacións en Italia.

En declaracións a Europa Press, cito textualmente un extracto das declaracións, di: “O Alcalde tamén advertiu de que se non estiven esas protestas aí, en alusión aos encerrados no Consistorio, non pasaría nada. Agardamos que cando o alcalde, Xosé Barcia, remate as súas vacacións faga unha rectificación pública desmentindo estas manifestacións dun xeito rotundo, porque, de ser certas estas declaracións, parécenos moi graves. Acusa directa ou indirectamente aos veciños e veciñas encerrados no Concello de ser os causantes da colocación do artefacto. O partido socialista rexeita taxantemente estas manifestacións pois consideramos que feitos deste tipo non benefician a ninguén e menos aos veciños e veciñas pechados no Concello. A violencia beneficia só aos que pretenden crear confusión, enfrontamento entre os veciños e veciñas de Mugardos. Agardamos que feitos como este non se volvan producir e, unha vez máis, reiteramos a nosa solidariedade cos veciños e veciñas afectados/as.

E agora, dúas preguntas ao presidente da comisión de urbanismo:

- Quixera saber en qué comisión se tratou, ou en qué órgano de goberno se aprobou, a licenza para apertura dunha caixonada de aproximadamente 50 metros, posiblemente para a construción dunha rúa, no lugar de O Merlo. Caso de non contar coa preceptiva licenza municipal, paréceme moi grave que unha obra desta envergadura se estea a desenvolver con total impiedade e ante a pasividade do grupo de goberno. Solicito se proceda á súa comprobación e se tomen as medidas oportunas.

- O Concello de Mugardos tivo 3 anos para adaptar o Plan de Urbanismo á Lei de Ordenación Urbanística 9/2002, e 21 meses despois de expirar o prazo de adaptación, o Plan de Urbanismo segue como estaba. Dende abril, en que Política Territorial publicou a orde no DOG das axudas para adaptar o Plan de Urbanismo, este Concello non iniciou xestión algunha para solicitar subvención á Consellería de Política Territorial para adaptación do Plan, como me confirmaron hoxe mesmo na Consellería.

Nos seis meses que pasaron dende a publicación da orde, o goberno municipal do BNG non se preocupou nin tan sequera en tramitar a solicitude de axuda. Cándo ten pensado o goberno municipal acollerse ás axudas da Consellería? Quero lembrar que o prazo de solicitude remata o vindeiro mes de outubro.

E agora unha pregunta para a concelleira de Igualdade, Benestar e Asuntos Sociais:

Dende o derradeiro catro de xullo, comezaron as valoracións de persoas dependentes en Galicia. A día de hoxe, Vicepresidencia de Igualdade e Benestar Social da Xunta de Galicia, ten valoradas 3.000 persoas con gran dependencia, das 18.000 que ten que valorar ata o 31 de decembro. En Mugardos temos 40 persoas cualificadas como gran dependencia, 36 en axuda a domicilio, entre 3 e 5 en lista de espera, e aínda non hai feita ningunha valoración. As persoas dependentes teñen 3 meses para que valoren o seu expediente dende a solicitude. Cándo teñen pensado facer as valoracións no noso concello? Qué está a facer o Concello ao respecto?

Sr. Fernández Fernández (que traducido di): Ola, boas tardes a todos e a todas. Un rogo para o grupo de goberno: Hai aproximadamente algo máis de dous anos se adquiriron por parte do entón concelleiro de obras e servizos, D. Jorge Gómez, un grupo de sinais para sinalizar toda a zona de Franza, San Xoán e O Seixo. Preguntei por este tema na comisión correspondente e se me contestou que non se colocaban porque eran de mala calidade. Non quero entrar neste tema, porque nin as vin e descoñezo onde están, pero si quero resaltar o feito de que é un ben municipal, adquirido con diñeiro público, e que se atopen onde se atopen, non están prestando absolutamente ningún servizo, que si que poderían estar prestando nos lugares de Franza, San Xoán e O Seixo, se estiveran colocadas, independentemente da duración que puideran ter na súa curta ou longa vida. Entón, rogaría que foran colocadas. Grazas.

Sr. Varela Deibe: Primeiro unha pregunta para o sr. Moisés. Na comisión de persoal e servizos lle preguntei se o desbroce de camiños tiña rematado, me dixeron que si, que estaba rematado. Eu concretamente creo que non. Creo que non porque hai un par de sitios que está que nin lle tocaron para nada. A contestación non me agradou, porque me di que é conflitivo o sitio; se é conflitivo hai que buscarlle solución, porque se está enquistado despois hai que operalo. Hai dous sitios concretamente, camiño do Lodairo, do camiño do Lodairo ao Cruceiro, e camiño do Monte de Pedra; o camiño do Monte de Pedra creo que sobresaie máis de metro e pico enriba do camiño o peche, eu creo que neso hai que tomar medidas. Se a persoa é un pouco complicada eu creo que o Concello ten que ter autoridade, penso eu, e no outro lado, tres cuartos do mesmo, porque non se lle tocou, lle cortaron as puntas, como quen fai un bonsai, vas cortando un pouquiño, pero para o ano ten un centímetro máis, para o outro outro centímetro máis, e cando chegamos non queda camiño.

Iso unha. Despois eu rogaría a ver se me poden dicir cándo, en Franza e San Xoán, temos auga, porque algúns veciños, parece ser, algún mo dixó a min, que na zona de Morteirado teñen bastante pouco auga nos pozos, non sei se a raíz da vía rápida, puidera ser, teñen bastante pouco nivel de auga nos pozos, dos que se saben que teñen pouca auga, porque eu no meu pozo non podo sabelo, que é de barrena. Entón rogaría que a ver se pode dicirmo, cándo puidera ser que tivesen auga os veciños de San Xoán e de Franza, da zona de San Xoán.

Imos ver..., aquí tiña outra cousa das beirarrúas da Pedreira, Pedreira-Rilo, eu concretamente creo que é un adefesio, agora parece que están colocando xaulas para paxaros, porque eu non lle vexo a iso. iso en primeiro lugar. Segundo, os accesos a algunhas vivendas está máis baixo o dintel da porta, parece ser que está en vías de arranxo, parece ser, eu quixera que mo confirmaran. E noutros sitios, onde se podía ter aproveitado para facer un aparcamento, se deixou un trozo de medio metro ou sesenta centímetros por fóra da beirarrúa, podendo telo aproveitado para iso. E por último dicirlle que ao final vai ter que recoller as augas pluviais porque xa están collendo na herba, os operarios non van ter outra cousa que facer máis que coller herba, pois xa están botando herba as cunetas.

E despois quería facer unhas preguntas, xa son un pouco máis complicadas, que ao mellor as pode contestar tamén el. Imos ver..., na resolución da alcaldía núm. 364/2007, aprobouse unha subvención de 1.000 euros da Xunta de Galicia para equipamento de Concellos e para moitas cousas, pero máis que nada para cousa de equipamento dentro do mesmo concello ou incluso para exteriores. Eu quixera que me explicase a qué partida se acolleron, porque a partida total eran 3.347.780 euros para os 300 concellos, aproximadamente, de menos de 30.000 habitantes, trescentos e algo, que haberá en Galicia. Aquí lles deron, e aceptaron, unha partida de 1.000 euros. Isto que foi? Un regalo de Nadal ou de Reis, ou de qué foi? Eu quixera, se puidera ser, que

me explicaran a qué modalidade se acolleron aquí, porque aquí hai unha que pode ser plurianual, que no primeiro ano podía ser 1.746 euros, no 2009, 1.693, no 2010, 2.880, e 2011, 4.000 euros. Se non mo pode dicir, que me conteste por escrito o que poida, porque se son 1.000 euros e podíamos ter, aproximadamente, conseguido, dez ou once mil euros, repartindo proporcionalmente, non o considero moi acertado.

Logo despois temos unha partida, a ver se o teño aquí, que creo que se non a traspapelei, creo que si, creo que a partida 60103, é unha partida de 450.000 euros para augas, servizo de augas, eu quixera saber se esa partida en realidade existe en diñeiro efectivo, a partida si, pode existir e pode estar a cero, que era para o desdoblamento, creo pensar que é así, o desdoblamento da tubería de auga directamente de Ferrol, que era a metade do custe real; se esa partida existe realmente en diñeiro efectivo ou non. Se non se pode contestar agora que se me conteste por escrito no próximo pleno, porque se non existe un céntimo nesa partida non vexo moi claras as cousas.

Sra. Díaz Prados: O tema da valoración de dependentes que me preguntabas qué se estaba a facer por parte do Concello, falabas dun prazo de tres meses desde que se fixera a solicitude, primeiro non é así, é dicir, as solicitudes, algunhas, xa levan feitas algo máis de tres meses, en principio nin sequera se tramitaba a solicitude dende o Concello, o sei por experiencia persoal, porque tiven que ir facer unha a Ferrol e, agora mesmo, fai dous días no Diario do día 26, se o queres o podes ver, acaban de saír os impresos para cubrir as valoracións que ten que levar a cabo precisamente a persoa responsable de servizos sociais do Concello, ben..., a traballadora de servizos sociais do Concello, neste caso sería a asistente social, que terá que pasar polos domicilios, terá que valorar, e terá que facer unha valoración sobre distintas tarefas que poidan facer os enfermos ou non.

E con respecto ás listas do S.A.D. non temos cinco na lista de espera, temos algúns máis, o que pasa é que estamos intentando modificar o que temos pero contamos cos medios que contamos, realmente temos 6 traballadoras de S.A.D., teñen o horario completo cuberto, estamos intentando ampliar a plantilla do S.A.D. e o concello está facendo un esforzo bastante importante nese tema, e temos solicitadas polo plan concertado dúas traballadoras máis do S.A.D. que creemos que podían chegar a cumprir os obxectivos que temos agora, aínda que non os obxectivos da Lei de Dependencia, pero supoñemos que dende Vicepresidencia ou dende o Estado Español nos mandarán aos concellos algunhas traballadoras máis, debido a que, por exemplo, as horas mínimas pasan de ser unha hora a dúas horas, etc., etc... co cal supoño que dotarán aos concellos dos medios suficientes para atender á demanda que esta Lei vai crear.

Sra. Gomez Díaz (que traducido di): Boas tardes a todos e a todas. Antes de nada, dar as grazas ao grupo de goberno porque por fin se cortou a maleza nas beirarrúas do Baño e nos lavadoiros do Casal e A Rega. Entón, eu quixera pedir, por fin, o desbroce das cunetas da rúa Curros Enríquez; imos ver..., nesa rúa hai un colexio, a estrada é moi estreita e a maleza invade a calzada, os nenos van ao colexio, eu non sei se estamos esperando a que pase unha desgraza..., non sei, non sei a qué estamos esperando, a que empece a choiva para non poder cortar ou algún tema así. A verdade, pediría que se limpara dunha vez. O mesmo pasa na Seaña, na Seaña tamén hai moito problema coa maleza.

Pediría tamén que arranxaran o socavón da rúa Curros Enríquez, cada vez é máis grande, agora xa mide uns vinte e sete centímetros, ou unha cousa así, os coches, en vez de baixar pola

dereita baixan pola esquerda para non estragar os amortecedores, un día vai subir un e tamén vai haber un pequeno problema.

Pediría tamén que arranxen a beirarrúa da Xesteira, leva sen poder utilizarse todo o verán. No verán non había demasiado problema porque non había escola, pero é que volve a empezar a escola, os nenos van á escola, non hai un paso de peóns onde ten que habelo, está bastante máis abaixo de onde non se pode utilizar a beirarrúa e é que non pode estar así, non hai unha beiravía, non hai nada, hai que meterse na estrada co perigo que elo leva.

Pediría tamén un espello no cruce da Xesteira con Curros Enríquez, porque non hai visibilidade, cando estás saíndo de Curros Enríquez non ves á man esquerda.

E pediría tamén, na pista de tenis que hai ao lado do pavillón estanse depositando os materiais da obra que se está facendo no pavillón; sabemos que o chan da pista de tenis é moi delicadiño, que hai que pisalo, ao ser posible, con calzado deportivo e todo este tipo de cousas porque se estraga; entón, por favor, non poñan o material de obra enriba dese chan, póñano fóra porque senón despois vai haber que arranxar o chan da pista de tenis. Nada máis, moitísimas grazas.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido di): Vou intentar ser breve, se podo. Imos ver, a primeira pregunta é para o concelleiro de obras, sr. Rivadulla, porque me chama a atención que a pasarela que se puxo, de madeira, no acceso á Bestarruza fai non tanto tempo xa non está presente, non sabemos por qué motivo pois xa sirve para madeira para queimar. Eu creo lembrar que esa pasarela de madeira se cambiou en varias ocasións e o que o montou debía ser de mar dentro porque non sabía que coas mareas a area vaise, ven e vaise; entón, eu quero que nos pase vostede a factura dos gastos que ocasionaron ao concello tales operacións porque consideramos que sobrepasa de longo os seis mil e pico de euros, de longo, para tirala en menos dun ano ou ano e medio; xa se falou no seu día que a pasarela non estaba ben alí e que non estaba ben concibida porque non había camións para poder chegar á praia, se dixo, eu creo que todos os partidos políticos o dixeron unha e outra vez, se dixo cincuenta veces, e agora o que ves ao chegar alí non é máis que madeira tirada e diñeiro, consecuentemente, malgastado. Entón, solicitaríamos que levara á comisión, en todo caso, a factura cos gastos ocasionados, con todos os gastos que ocasionou tal operación.

Por outro lado, para quen corresponda, porque non o teño moi claro, en canto ao tema das beirarrúas de San Xoán e o que queda pendente de Franza, que é bastante, hoxe sae na prensa, e non por casualidade, que parece ser que a sinalización que se pon na vía rápida en canto que despista aos posibles turistas que poidan vir a Mugardos, pois non é unha cousa nova, levan vostedes anos dicindo que estaban facendo xestións e non entendo moi ben qué clase de xestións para poñer un cartel; se para facer un cartel non son capaces vostedes de facer xestións imaxinemos para outro tipo de operacións. Entón, en todo caso, quereríamos preguntar por qué esas xestións non se levaron a cabo e por qué non se poñen dunha vez catro carteis que hai que poñer. Iso en primeiro lugar. En segundo lugar, qué prazos baralla o grupo de goberno para que San Xoán teña beirarrúas e para que se dote das que faltan no tramo de Franza?

Para o concelleiro de urbanismo creo que xa se fixo unha pregunta por parte do voceiro socialista en canto a que sae en prensa e televisión a imperiosa necesidade da adaptación dos plans de urbanismo á lei do Solo e este concello tamén ten esa urxencia. En todo caso tamén é certo que a Fegamp creo que ten negociacións agora coa Xunta de Galicia porque todos os concellos implicados, eu creo que é un mal común neste sentido, non teñen claro os criterios que a Xunta pon para facer esas modificacións, e poño un exemplo claro, en canto aos solos de

núcleo rural para delimitar o núcleo rural e a súa zona de expansión. Está moi ben que se aclare por unha parte a necesidade de facer a adaptación ao plan de urbanismo pero, loxicamente, hai que tirar das orellas á Xunta de Galicia porque non é capaz de dicir cómo hai que facelo. Polo tanto, eu creo que nese caso tamén o grupo socialista debería de votar unha man e tirarlle das orellas aos seus compañeiros para que delimiten dunha vez que hai que facer cos plans de urbanismo; está ben modificar o que xa había pero hai que poñelo con ferramentas para que se poida facer.

E, en todo caso, tamén para o concelleiro de promoción económica e turismo, unha pregunta relativa a coñecer, entre outras cousas, se xa se cedeu o local á asociación de comerciantes de Mugaros e qué plans, en canto á revitalización do comercio están levando a cabo dende a concellaría, que nos presente en canto poda as medidas que van adoptar para revitalizar o comercio en Mugaros e, por outro lado, falando de turismo, porque fai anos que neste concello non se fala de turismo se hai un plan por parte do goberno local para revitalizar o turismo en Mugaros e con revitalizar o turismo estamos falando de xerar todo o turismo. A pregunta do turismo parece que non é de ninguén, pero Mugaros segue sen turismo. Entón quereríamos que se iniciara, polo menos, un estudo para facer un plan de turismo neste Concello porque parece ser que é moi bonito turisticamente pero aquí non se fai turismo; entón pediríamos que tamén se estudase na comisión.

E por último un rogo aos presidentes das comisións de Benestar Social e Cultura, que creo que non fixeron as comisións pertinentes ordinarias. En todo caso, chegan rumores de que ao mellor non saben con qué encher as comisións; entón, eu, dende aquí, lles invito a que se teñen problemas coa orde do día nós lle invitamos a traer temas para poñer. Por exemplo, o Centro de Saúde, se se vai modificar, se se lle vai votar un andar, como di o alcalde, despois se di que non se vai votar, qué serie de modificacións habería que facer, se hai un proxecto ou non o hai, todas esas cousas quedan á especulación porque nós non temos coñecemento de ningunha.

Por outro lado, seguimos sen biblioteca municipal, pediría tamén que se leve a estudar se Mugaros necesita biblioteca municipal ou non a necesita, porque se non a necesita xa están facendo o que deben, non facer nada.

Por outro lado, hai unha campaña de Nadal, hai unha campaña cos colexios, a piscina municipal segue sen poñerse nin a primeira nin a última pedra, seguimos sen piscina municipal, non sabemos nin discutimos o modelo que vai levar de xestión a piscina municipal, polo tanto haberá que discutilo nalgunha comisión, nalgún órgano deste concello, e cando se vai inserir a banda ancha nas parroquias, tampouco se dixo, fíxose un proxecto piloto pero que non vai a ningún lado.

Todas esas cousas e hai máis asuntos que Mugaros necesita ter, e, en todo caso, se non teñen vostedes claridade de ideas, a oposición estamos para iso precisamente; entón rogaríamos que se fagan as comisións ordinarias, porque non se están facendo todas, están facendo esforzos pero non moitos e rogaríamos que todos eses temas se vaian introducindo, porque eu creo que é bo, e Mugaros merece un impulso maior. Moitas grazas.

INCIDENCIA: Faise constar que durante a intervención do sr. De Deus Fonticoba, sendo as 20.09 horas, auséntase da sesión a concelleira sra. Díaz Prados, que se reincorpora ás 20.11. h.

Sra. Díaz Prados: Simplemente contestar que a miña comisión de benestar se fixo o día 11 de setembro, era comisión ordinaria, vostede ao mellor non foi, non o sei, pero eu si que a

fixen, si falamos do tema de sanidade, si falamos dos temas que había nese momento sobre a mesa, e fago pertinentemente todas as comisións ordinarias, debe de ser un erro.

Sr. Rivadulla Fernández: Eu vou contestar algunha das preguntas, non a todas porque... ben, fixeron vostedes tal aluvián de preguntas que é complicado, tería que estenderme bastante para contestalas todas agora mesmo, non? De feito, a meirande parte de preguntas que fixeron son de rogos para tratalos nas distintas comisións nas que está organizado, estruturado, o Concello e que vostedes reclaman con tanta insistencia a súa convocatoria pero despois resulta que alí, ás veces, non fan preguntas e as traen todas ao Pleno, incluso con insistencia, mesmo cando están os funcionarios de vacacións, que teñen que coller as actas.

Brevemente, hai dúas que xa se trataron na comisión, agora vostedes as volven traer; o das sinais, efectivamente o anterior concelleiro de servizos fixo un encargo dunhas sinais, e cando as recibimos xa o PSOE abandonara o goberno municipal, entón pasou esa concellaría a estar xestionada polo BNG, eu lle dixen ao encargado dos traballos do concello que procederan á súa colocación, evidentemente, e cando as abrimos descubrimos que moitas delas estaban cheas de erros de todo tipo, iso se xustificou con que foran impresas en Andalucía, non sei; moitas delas son sinalización vertical, cando son nomes de rúas e de avenidas, que iso se coloca unha placa, habitualmente, polo tanto non serven. Había unha estraña profusión delas no entorno da rúa Celso Emilio Ferreiro, onde vivía o anterior concelleiro e ben..., nós colocaremos as que poidamos; agora que lle insisto en que os traballadores do concello din que son dunha calidade bastante baixa e que probablemente non duren moito e haberá que repoñelas pronto.

A pregunta que fixo Varela sobre os desbroces estes, che contesto o que che dixen na comisión, eses dous casos concretos que ti mencionas non son desbroce de camiños, é un caso bastante máis peliagudo, son invasións de vía pública que hai que tratar por outro camiño.

E despois preguntaches unha pregunta que creo que é de bastante interese, o tema da auga de Franza e San Xoán, nós xa o explicamos varias veces, a ver se esta vez consigo trazar, digamos, unha descrición da situación. Agora mesmo están en execución ou en vías de execución, é dicir, están encamiñadas todas as infraestruturas de auga que quedan no Concello, agás na zona de San Xoán, todo o que non é a estrada xeral. En Franza xa houbo unha primeira fase, feita pola Deputación de A Coruña, que quedan os cortes da estrada por facer, é unha obra moi pequena, e agora mesmo se está executando nestes momentos unhas bombas de impulsión que van dende O Seixo a Franza e que van permitir tamén en breve xa..., no marco destas obras se vai crear un segundo depósito en San Xoán, en Franza, perdón, e precisamente a Deputación de A Coruña nos acaba de transmitir esta semana a confirmación dunha subvención de 350.000 euros, subvención da que este pleno xa ten constancia porque foi aprobada polo pleno da Deputación en maio, para acometer o que queda de Franza. Creo que queda un rueiro, precisamente no entorno da piscina, de catro ou cinco casas, pero en todo caso é un rueiro asumible para facer con fondos municipais; no resto de Franza xa están as obras ou ben executadas, ou ben executándose, ou en vías de contratación, e a nosa previsión é que ao longo do 2008 poida ter toda Franza auga xa.

En canto á parroquia de San Xoán saben vostedes que xa executamos integramente con cargo a fondos municipais, a executamos nós, xa a adxudicamos a primeira fase, todo ao longo da estrada xeral e a Xunta de Galicia de momento nos paralizou a obra porque afirma..., ben, nós, segundo as xestións que fixemos, telefónicas, parece ser que é certo, que xa teñen elaborado o proxecto de construción de beirarrúas, que o pretenden sacar a licitación canto antes, o anterior delegado, recentemente trasladado ou cesado, Jacinto Parga, nos comunicara que ía sair a

contratación no 2007, supoño que o seu sucesor o fará tamén, non creo que se demore moito máis, e que precisamente por iso non nos deixan poñer agora a auga, porque queren que aproveitemos o desmonte das beirarrúas para instalar a auga.

A referencia que fas a unha obra de equipamento de 1.000 euros, a verdade é que che teño que contestar en comisión porque non sei nin a qué te refires, pero ben..., o que dixeches de que é unha esmola, efectivamente, unha subvención de 1.000 euros pode parecer unha esmola, pero a semana pasada aprobamos neste pleno aceptar unha subvención, por parte da Vicepresidencia da Xunta, de 580.000 euros, que xa ten bastante máis entidade.

E as preguntas que fai a concelleira do PP, respecto a Curros Enríquez, non sei se vive vostede alí, me da a impresión, o tema do socavón non é exactamente un socavón, aí houbo dúas fugas de auga e están reparadas, as dúas fugas de auga que había en Curros Enríquez están reparadas. O que fai este concello periodicamente, cada dous, tres meses, é traer un camión de aglomerado e tapar os baches que hai, traer un camión enteiro para un único bache, é bastante complicado. En concreto, o de Curros Enríquez xa está encargada a súa reposición.

A referencia que fixo o portavoz do Partido Popular respecto á sinalización, nós fixemos unhas xestións para sinalización da vía rápida que frutificaron nunha pregunta do noso deputado, o deputado do BNG, Fernando Blanco no Parlamento Galego, na comisión do Parlamento Galego oportuna, e a raíz desa pregunta a Consellería de Política Territorial fixo unha das correccións ao meu entender máis importantes, que era o que afectaba á entrada en Mugardos, o desvío para Punta Promontorio e quedaba para entrada da Vila, iso se solucionou; as outras dúas nós lle aseguro que lle transmitimos por activa e por pasiva á Xunta a nosa inqueda por este tema, de momento non o fixo, a Xunta de Galicia, que é a quen lle corresponde a asignación.

O que dixo vostede da biblioteca, é un tema do que podíamos falar bastante; Mugardos si ten unha biblioteca municipal, non como nós creemos que merece, pero si ten xa unha biblioteca, que está xustamente fronte ao Concello, en caso de que vostede non o saiba, e nós, unha idea que podíamos ter, que podía ser útil, é un baixo que vai ter que ceder unha promotora ao Concello no marco dun acordo por un estudo de detalle, de 300 m², creemos que se pode considerar, cando se reciba ese baixo, creemos que pode ser, estamos totalmente abertos, por suposto, que pode ser considerado para facer alí outra biblioteca sen renunciar á que xa hai agora.

A piscina municipal é eminente o comezo das obras, estaba pendente dun último trámite, que se solucionou hai menos dun mes, creo que tres semanas, precisamente fun eu á Comisión de Patrimonio, na Coruña, que había unha corrección que nos mandaron facer que é mover o edificio cinco metros respecto á zona de protección que eles establecían, xa ditaminaron favorablemente, non sei se xa recibimos no Concello ese ditame, pero, en calquera caso, era o último obstáculo que quedaba por salvar e creemos que as obras se van iniciar xa de inmediato.

E respecto ao resto das preguntas, as contestarei na comisión.

Sra. Alcaldesa accidental: Eu simplemente dicir ao sr. De Deus que a cesión do local se fará efectiva na vindeira Xunta de Goberno tralo acordo levado en comisión.

Sr. Bouza Rey: O que non estea moito ao día aquí parece que non se reúne a comisión de urbanismo dende hai seis meses, iso que hai tres que acabamos de aterrizar, porque co bombardeo de preguntas que ten esta comisión, home, me chega un pouco a sorprender, porque para mércores hai outra, cada quince días, sistematicamente, se están facendo comisións de urbanismo e resulta que aparece aquí unha serie de bombardeo, no bo sentido da palabra, que me deixa un pouco sorprendido cando menos, porque, aparte, estou todos os días arriba no despacho

de urbanismo e eu non sei se se quere quedar ben aquí cunha serie de preguntas que... ben..., faltou soamente o sr. Fariña por algunha contra urbanismo, e, claro, eu non podo contestar a todas senón que sexa por escrito, pero si podo dicir que na última acta, e iso poden dar o visto bo os portavoces que están en urbanismo, respondín a vinte preguntas dos diferentes grupos políticos e nun prazo de quince días, iso está a acta aquí e se pode comprobar por calquera. E, como digo, vou ver se o mércores, se fago algunha hora este fin de semana para poder contestar polo menos a parte delas, pero unha si que está clara e é o novo vial do camiño a Reganosa, porque as preguntas que me fai a sra. Díaz veñen recollidas nos informes técnicos tanto da apareladora e ademais, como teño aquí, din nun dos puntos que as obras executaranse consonte aos planos modificados a instancias da Demarcación de Costas de Galicia, sen que en ningún caso poida ser invadida a zona afectada pola servidume de tránsito para garantir, para o cal haberá de solicitarse desa administración de Costas de Galicia o replanteo da devandita servidume. Isto, como o teño aquí, llo podo responder, e llela podo responder hoxe, e o resto pois me tedes que permitir que o mire nestes tres días que me quedan e as que poida levar o mércores, pois intentarei levalas. Moitas grazas.

Sra. Alcaldesa accidental: As preguntas referidas á alcaldía serán respostadas por escrito coma sempre, e damos por rematada a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa accidental levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario da Corporación, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA ACCTAL.,